

DONNA PAOLA
(Paola Grosson)

**As confesi3ns
dunha filla do s3culo**
Epistolario dunha morta

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

PROEMIO ÁS CARTAS

Montaigne diría: Que sei eu?
E Rabelais: Talvez!

Escribo estas páxinas para vosoutras, amables mulleres, que leredes este singular libro de dor, pois todas amades algunha amiga cun doce amor fragrante e vivo coma a corola dunha rosa de maio. Talvez decepcionadas por moitos e máis sagrados afectos, gardastes no fondo do corazón a perenne chispa dese amor –menos agoniante ca a paixón e menos natural ca a fraternidade–, que a poesía e a realidade queren pintar e recoñecer máis lene ca os demais e designar co harmonioso nome de amizade.

Escribo estas páxinas preliminares para vosoutras, amables mulleres, aínda que se cadra as leredes chorando, con certeza cismando, igual que eu as escribo entre bágoas e evocacións. Nelas vertín, coa miña pálida paleta de escritora, as tenues tintas da melancolía e do loito, as da violeta e a cineraria, flores da inesquecible dor. Vosoutras, que amades e posuídes unha fonda comprensión do amor, acolleredes as súas rectas intencións e o seu significado último: o desexo de apiadarse dunha pobre morta que quixo confiarlles ao meu sentimento e ao meu coidado o seu tesouro máis prezado.

Ela, que xa non está, sorrírame a min, que escribo, con indulxencia, e tamén a vós, lectoras. E ese sorriso traeranos sorte, como fan as xemas raras engastadas nun aro de ouro. O seu espírito é coma esas xemas, e o aro de ouro é o infindo éter que o cingue, coma nunha incomparable auréola de beatitude.

Non ben lin as escasas palabras do telegrama, deixei caer os brazos no regazo e fiquei longo tempo incapaz de pensar. «Morro. Ven. Viviana», dicía o lacónico chamamento que caeu sobre a miña alma co fragor dun trono.

Vencida a primeira turbación, puxen o sombreiro, avisei o porteiro e precipiteime fóra da estancia, na que decotío, con non leve pesar, combato na loita pola vida.

A estación era propicia para unha repentina deserción. Sobre a cidade e as tarefas cotiás reinaba o calmizo de agosto; cada cousa, pensamento e acción ficaban nunha gran modorra, como, cercada na baixamar, dorme, silenciosa e pesada, a auga das marismas.

Xa que logo, ben podía escapar un día ou dous, o tempo de desvelar o misterio daquelas escasas pero arrepiantes palabras.

Rápida nos movementos, e asemade consternada, nunha hora tomara todas as disposicións. Cheguei á estación nun correndiño e dei collido o tren expreso da mañá.

A reacción instantánea impedírame até aquel momento reunir os pensamentos confundidos polo inesperado do asunto; porén, apenas caín na inactividade da viaxe, a miña mente recuperou a claridade e a fluidez habituais,

